



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A ELABORACIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

I.- ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local , na sesión ordinaria do 22 de abril do 2021, acordou Adxudicar a mercantil CONTITRADE ESPAÑA S.A. o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445). Dito contrato foi formalizado en data 19.05.2021, contemplando un prazo de duración de dous anos e a posibilidade dunha única prórroga dun ano de duración.

II.- En data 8 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga do contrato do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445), por prazo dun ano, en favor da empresa CONTITRADE ESPAÑA S.A.

III.- O referido contrato atópase actualmente en vigor, rematando o vindeiro 19 de maio do 2024, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo

IV.- O subministro de pneumáticos conleva a prestación doutros servizos vinculados directamente e complementarios destes, tales como o montaxe e desmontaxe de pneumáticos, reparación dos pneumáticos, equilibrado ou aliñación de dirección, entre outros, garantindo do mesmo xeito un mellor funcionamento e seguridade, e unha importante repercusión na vida útil dos pneumáticos. Os servizos descríbense detalladamente no prego de prescricións técnicas.

V.- Para o desenvolvemento do contrato mixto de subministro de pneumáticos, montaxe e asistencia técnica da flota de vehículos municipais, o Concelleiro delegado da Area de Goberno de Fomento e Servizos en datas 21 e 22 de febreiro de 2024 acordou dar inicio ao correspondente expediente en base ao informe de necesidade emitido, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase adecuado proceder á definición dos seguintes apartados.

II.- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS.

1.- OBXECTO.

PARQUE MÓBIL

Páxina 1 de 17



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 1 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O obxecto do presente expediente contempla o subministro de pneumáticos novos, montaxe e reparación de pneumáticos da flota de vehículos do parque móbil do Concello de Vigo, así como das prestacións de servizo complementarias asociadas.

Os devanditos servizos complementarios do subministro non soamente garantirán un mellor funcionamento dos vehículos tendo unha importante repercusión na súa vida útil senón unha maior seguridade, sendo fundamentalmente os seguintes:

- Montaxe, desmontaxe de pneumáticos e equilibrado.
- Permutas ou xiros de pneumáticos.
- Reparación de pinchazos.
- Renovado (solo para pneumáticos de vehículos industriais).
- Substitución de cámara interior de pneumático
- Aliñación de direccións.
- Asistencia técnica.

O subministro deberá axustarse á variedade de vehículos da flota. A estes efectos achégase inventario dos diferentes vehículos que compoñen o parque móbil do Concello de Vigo , agrupados en relación a tipoloxía de pneumático requirido (C1, C2 e C3 e industriais) así como as medidas de pneumático requiridas e unidades estimadas anualmente nos anexos I e II ao PPT.

No referente á cualificación do contrato, o presente contrato ten carácter de contrato administrativo de conformidade co artigo 25.1.a LCSP, cualificándose como un **contrato mixto de subministro e servizos en función das necesidades**, de conformidade co artigo 18.1 e a Disposición Adicional 33ª da LCSP, nos que o adxudicatario obrígase a entregar unha pluralidade de bens e executar o servizo, de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas ás necesidades do adquirente.

Para a determinación das normas que deben rexer a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de dous ou mais contratos de obras, subministro ou servizos, se atenderá en primeiro lugar ao carácter da prestación principal, que no presente contrato ven constituída polo servizo, dado que supón o obxecto principal, sendo as prestacións de subministro de carácter accesorio ao servizo, non unicamente pola importancia económica de cada unha delas senón polo carácter accesorio dos devanditos subministro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 2 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



No presente contrato, a prestación de maior importancia ven constituída pola prestación de subministro de pneumáticos, sendo os servizos enumerados complementarios do anterior. En base ao volume das actuacións, estímase que o subministro supón un 88,99% do orzamento total, sendo que as correspondentes aos servizos supoñen un 11,01%.

Contéplase polo tanto prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto, atopándose directamente vinculadas entre si de conformidade co requirido polo artigo 34.2 da LCSP, mantendo entre elas relacións de complementariedade, o que esixe a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional para a satisfacción da referida necesidade.

A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Polo que respecta a súa división en lotes non se considera axeitada, unificándose nun único contrato a totalidade das prestacións. A existencia de diferentes contratistas dificultaría a correcta execución do presente contrato sendo que a flota componse de múltiples tipos e categorías de vehículos os cales precisan de pneumáticos de diferente clase así como a realización de servizos asociados. En moitas ocasións pertencen ao mesmo servizo ou área, e ás veces son vehículos que precisan o subministro para servizos de emerxencia, dificultando o establecemento de diversidade de contratistas o correcto funcionamento tanto do Parque Móbil como dos servizos aos que estean adscritos os vehículos. Por todos estes motivos, estímase que non procede a división do contrato en lotes.

2.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Xustifícase a contratación dos servizos complementarios ao subministro de pneumáticos, tal e como determina o artigo 117 LCSP, na insuficiencia de medios do Parque Móbil dende o punto de vista do persoal, sendo o número insuficiente para acadar a totalidade das necesidades expostas, sendo que ademais algúns dos devanditos servizos deben prestarse fora das instalacións do Parque Móbil, para o cal débese contar cos medios humanos necesarios para atender as devanditas incidencias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 3 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



3.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.

Por tratarse dun contrato mixto que contén prestacións propias dos contratos de subministro e servizos hai que atender para a determinación do réxime xurídico da adxudicación ao carácter da prestación principal que no presente suposto resulta ser a de subministro.

En canto ao procedemento de adxudicación e considerando o obxecto do contrato, o seu valor estimado, así como a necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade rexerese polo disposto nos artigos 156 e seguintes LCSP que regulan o **procedemento aberto**.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a **tramitación ordinaria** do presente contrato.

4.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRORROGA

De conformidade co establecido no artigo 29 LCSP o prazo de execución do contrato será de **2 anos**, non admitíndose en ningún caso a prórroga tácita. Non obstante, prevese a posibilidade de establecer **unha prórroga dun ano de duración**, sempre que as características permanezan inalterables durante a súa vixencia, respectando así o prazo máximo de duración do apartado 4 e 5 do referido artigo.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ao menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato.-

O prazo de execución fíxase atendendo á natureza das prestacións, ao financiamento así como á necesidade de someter a concorrencia o contrato.

5.- SOLVENCIA

A solvencia económica, financeira e técnica regúlase nos artigos 74 e seguintes da LCSP. A solvencia esixida será:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 4 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Solvencia técnica e profesional: En relación á natureza do contrato e segundo o establecido no artigo 89 LCSP deberá acreditarse a solvencia técnica no relativo ás prestacións propias do contrato de subministro polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza (atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV) que os que constitúan o obxecto do contrato indicando o seu importe, datas e destinatario, público ou privado dos mesmos. (Entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o órgano sexa unha entidade do sector público o cando o destinatario sexa un destinatario privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste mediante unha declaración do empresario.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) acreditarán a súa solvencia técnica por un dos seguintes medios:

- Declaración indicando o persoal técnico ou unidades técnicas, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.
- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- Indicación dos sistemas de xestión da cadea de subministro, incluídos os que garantiren o cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, e de seguimento que o empresario poda aplicar ao executar o contrato.

Xustificación da solvencia requirida.- Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 5 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitan o volume anual de negocios e unha relación dos principais subministross efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza, condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

De conformidade ao establecido no artigo 145 LCSP para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente máis vantaxosa e en base ao exposto na presente memoria, deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

Xustificación dos criterios de valoración.-

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, de entre as diferentes ofertas realizadas, a que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

En base ao obxecto do contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 80% dos criterios de adjudicación a criterios avaliados a través de fórmula e un 20% a través de criterios avaliados a través de xuízo de valor.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas, de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios.

Será de aplicación, co obxecto dunha maior simplificación, a seguinte ponderación establecida en base 100:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 6 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



$$P = \frac{A}{100} \times PT + \frac{B}{100} \times PF$$

Sendo:

P: Puntuación total obtida da valoración da oferta.

PT: Puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor.

PF: Puntuación da avaliación dos criterios mediante fórmula.

A: Ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (20)

B: Ponderación dos puntos dos criterios mediante fórmula (80)

6.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Os criterios avaliáveis mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de **20 puntos** que serán distribuídos para cada un dos lotes no seguinte apartado:

A.- MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA ORGANIZATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO:

A.1.- Xustificación do criterio: O licitador presentará unha memoria técnica na que se desenvolva a proposta organizativa de medios materiais e humanos de que dispoña. O contido desta memoria técnica proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer o desenvolvemento do subministro e das prestacións a realizar por parte do licitador e permitirá comprobar o alcance dos mesmos, e que se demostre un coñecemento específico dos servizos e subministro a desenvolver.

A.2.- Valoración da MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA ORGANIZATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO. Se valorará ata un máximo de 20 puntos que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1.- Descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do subministro e servizos derivados do presente contrato, desenvolvendo os procedementos de traballo nos que se especifique os sistemas que utilizan para cada tipo de traballo. Ata un máximo de 4 puntos sobre a puntuación máxima da memoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 7 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



2.- Descrición e relación dos medios materiais e instalacións propostos para o desenvolvemento do subministro e servizos derivados do presente contrato. Defínense as instalacións das que dispón o adxudicatario e que serían destinadas ás necesidades dos traballos definidos no PPPT. Inclúese localización, dimensións, equipamento e forma de uso das mesmas. Ata un máximo de 4 puntos sobre a puntuación máxima da memoria.

3.- Descrición da organización e medios humanos destinados a execución do subministro e servizos derivados do presente contrato. Indicarase o número de traballadores que poden ser destinados a cubrir os traballos deste contrato indicando as cualificacións de cada un deles. Defínense tamén os horarios de traballo no taller ou talleres que o adxudicatario pon a disposición das necesidades do Concello. Ata un máximo de 4 puntos sobre a puntuación máxima da memoria.

4.- Descrición e relación da/s unidade/s móbiles que serán destinadas á asistencia técnica dos vehículos que compoñen a flota municipal. Ata un máximo de 4 puntos sobre a puntuación máxima da memoria.

5.- Medidas propostas para o controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, indicándose os certificados de calidade e homologacións dos distintos tipos de traballo. Ata un máximo de 4 puntos sobre a puntuación máxima da memoria.

A.3.- Criterios para a presentación da MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA ORGANIZATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO OBTXECTO DO CONTRATO. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos cinco contidos e coas seguintes limitacións: un máximo de 50 páxinas en total, formato DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todas as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.
- b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”;

A.4.- PROCEDIMENTO DE APLICACIÓN DA PUNTUACIÓN DE ACORDO A DESCRICIÓN DOS CONTIDOS REQUIRIDOS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 8 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada para a valoración da MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA ORGANIZATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO, cando a mesma se atope desenvolta cun alto grao de detalle sobre os contidos indicados e cun análise específico, coherente e idóneo coa proposta presentada.

2.- Descontarase da puntuación máxima prevista para a memoria, a metade do valor máximo indicado en cada contido, por cada un de estes que non conteña unha adecuada información ou tamén cando o desenvolvemento do seu contido considérese escaso.

3.- Descontarase da puntuación máxima prevista para a memoria, o valor máximo indicado en cada contido, cando a proposta desenvolta nese contido a avaliar, conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co obxecto do contrato, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio PPTP que define as obrigas para a execución do obxecto do contrato.

Cando a documentación do criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato de páxina e número de páxinas máximas descritas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio.

6.2. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de $PF = PE1 + PE2 + PT = 80$ puntos.

Propónse a seguinte distribución para os criterios avaliados mediante fórmula.

6.2.1.-Valoración da porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Capítulo I do Orzamento que figura nos Anexos ao PPT. Valorarase ata un máximo de 50 puntos.

O prezo ofertado polos licitadores valorarase de acordo co seguinte criterio:

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa, (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos unitarios do subministro.

Se aplicará a seguinte fórmula para a súa valoración:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 9 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $0,8 * Be < Bi \leq Be$

$$PE 1 = 47 + 3 * \left(\frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$

$$PE 1 = 40 + 7 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$PE 1 = 40 * \left(\frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

PE1 = Puntuación sobre a oferta do porcentaxe de baixa: entre 0,00 puntos e 50,00 puntos.

Bi= Porcentaxe de baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, expresado como a porcentaxe ofertado para aplicar os prezos unitarios, expresado en porcentaxe con un máximo de dous decimais

Be= Porcentaxe de baixa da oferta máis económica, expresado en valor porcentual con un máximo de dous decimais.

6.2.2.- Valoración da porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios dos servizos asociados detallados no Capítulo II do Orzamento que figura nos Anexos ao PPT . Valorarase ata un máximo de 18 puntos.

O prezo ofertado polos licitadores valorarase de acordo co seguinte criterio:

Para a definición do prezo unitario dos servizos o licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos unitarios dos servizos, aplicándose a seguinte formula para a súa valoración:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $0,8 * Be < Bi \leq Be$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 10 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



$$PE 2 = 16 + 2 * \left(\frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$

$$PE 2 = 10 + 6 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$PE 2 = 10 * \left(\frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

PE2 = Puntuación sobre a oferta do porcentaxe de baixa: entre 0,00 puntos e 18,00 puntos.

Bi= Porcentaxe de baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, expresado como a porcentaxe ofertado para aplicar os prezos unitarios dos servizos. Será expresado en porcentaxe con un máximo de dous decimais

Be= Porcentaxe de baixa da oferta máis económica, expresado en valor porcentual con un máximo de dous decimais.

6.2.3.- Xustificación das fórmulas.- Á vista da obriga establecida no artigo 146.2 LCSP en relación á necesidade de xustificación no expediente, da elección das fórmulas, considérase como a fórmula utilizada a mais adecuada e proporcional para a valoración das ofertas e outorga a máxima puntuación á oferta que rebaixa mais o prezo.

Sobre os criterios empregados para a determinación da puntuación dos criterios avaliados mediante fórmulas, débese indicar que as fórmulas elixidas cumpren tanto os criterios legais como a interpretación do Tribunal Central de Recursos contractuais ao respecto. Así, as mesmas se atopan definidas no PCAP co suficiente grado de detalle para a súa comprensión. Así mesmo, débese indicar que non producen ningún dos resultados prohibidos, xa que non outorgan maior puntuación ás ofertas que non sexan as máis económicas ao non establecerse limiares de saciedade. Por outra banda, non reducen significativamente os marxes entre as ofertas máis próximas aos criterios máximos establecidos no PPTP e os máis afastados, e tampouco magnifican as diferencias mínimas, permitindo que opere a totalidade do rango da puntuación establecido, e determinando neste caso concreto os seguintes tramos de puntuación en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 11 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



función do criterio de avaliación:

Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios do subministro	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,55 Be$	40
$0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$	7
$0,8 * Be < Bi \leq Be$	3

Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre os prezos unitarios dos servizos	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,55 Be$	10
$0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$	6
$0,8 * Be < Bi \leq Be$	2

6.3. Valoración da clasificación do etiquetado normalizado segundo os criterios indicados na aplicación do regulamento da CE 2020/740 do Parlamento Europeo e do Consello de 25 de Maio do 2020, dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1 , C2 e C3.

Dito criterio técnico fai referencia á calidade e prestacións do pneumático ofertado. Cada fabricante ten a responsabilidade de clasificar os seus pneumáticos de acordo a un estrito sistema de probas técnicas e reflectir o resultado na etiqueta europea. Esta auto-certificación ten o obxectivo de ofrecer unha clasificación fidedigna, coa que comparar os diferentes pneumáticos e marcas.

A información proporcionada refírese á eficiencia enerxética está intimamente ligada aos aforros no consumo de combustible, a seguridade ten que ver coa adherencia e o seu comportamento fronte a distancia de freado en superficies molladas, e a produción de ruído da rodadura exterior que xera cada modelo de pneumático.

O sistema de etiquetaxe europea obrigatorio que acompaña a todo pneumático clasifica a eficiencia enerxética na A (máis eficiente), B, C, D e E (menos eficiente) e a adherencia sobre o solo mollado ou a seguridade asignan as letras A (máis seguro e coa mellor freada), B, C, e E (menos seguro e coa peor freada).




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 12 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Segundo a cláusula 6.4 do PPT, o adxudicatario ten a obriga de subministrar pneumáticos All Seasons, cumprindo cos seguintes valores mínimos, entre outros, de etiquetaxe:


• **ADHERENCIA SOBRE SOLO MOLLADO OU SEGURIDADE.** Valores mínimos :

- CLASE C1: B
- CLASE C2: B
- CLASE C3: C



• **CONSUMO COMBUSTIBLE OU EFICIENCIA ENERXÉTICA.** Valores mínimos:

- CLASE C1: C
- CLASE C2: D
- CLASE C3: D



• **RUÍDO.** Valores mínimos:

- CLASE C1: B
- CLASE C2: B
- CLASE C3: B



Polo que procederá a valorar o incremento do etiquetaxe mínimo dos pneumáticos a subministrar All Seasons, segundo a súa categoría, tendo en conta a dispoñibilidade deste etiquetaxe no mercado, e coa finalidade de conseguir alcanzar en termos de seguridade un valor B, e en termos de eficacia enerxética un valor C, para todos as categorías de vehículos, procedéndose a puntuar da seguinte maneira:

Etiquetaxe de Seguridade	Valor ofertado	Puntuación asignada (PS)
Pneumáticos Clase C1	Valor A	3
PUNTUACIÓN MÁXIMA ASIGNADA (PS)		3
Etiquetaxe Eficiencia Enerxética	Valor ofertado	Puntuación asignada (PEF)
Pneumáticos Clase C1	Valor B	3
Pneumáticos Clase C2	Valor C	3
Pneumáticos Clase C3	Valor C	3
PUNTUACIÓN MÁXIMA ASIGNADA (PEF)		9



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 13 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Para a determinación da puntuación do criterio técnico de cada oferta presentada polo licitador, aplicarase a seguinte fórmula:

$$PT = PS + PEF$$

Sendo:

PT = Puntuación sobre a oferta do criterio técnico de etiquetaxe europeo do pneumático: entre 0,00 puntos e 12,00 puntos.

PS= Puntuación do etiquetaxe da seguridade do pneumático ofertado.

PEF= Puntuación do etiquetaxe da eficiencia enerxética do pneumático ofertado.

7.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

En relación á determinación dos criterios aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, a tenor do establecido no artigo 149.2.a) da LCSP, aplicaranse os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias establecidos no artigo 85 do RLCAP.

8.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Establécense como condicións especiais de execución de carácter medioambiental

- A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndose así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sustentable da auga.
- O fomento do uso das enerxías renovables.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.
- O impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

As devanditas condicións de execución atópanse directamente relacionadas co obxecto do contrato e se xustifican no obxectivo de acadar unha contratación socialmente máis responsable, incorporando

PARQUE MÓBIL

Páxina 14 de 17



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 14 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



obxectivos específicos de política medioambiental.

9. PRAZO DE GARANTÍA.

Establecese un prazo de garantía mínimo de TRES ANOS para os pneumáticos subministrados, a partir da data do subministro.

Respecto as prestacións de servizo asociadas, establécese un prazo de garantía mínimo de 12 MESES a partir da recepción do vehículo polo Parque Móbil do Concello de Vigo.

10.- SUBCONTRATACIÓN.

Non se establecen tarefas críticas que deban ser executadas directamente polo contratista principal e que non poidan ser obxecto de subcontratación, debendo someterse a mesma aos requisitos establecidos no artigo 215 LCSP.

11.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

En cumprimento do establecido no artigo 203 e seguintes da LCSP, os contratos solo poderán ser modificados por razóns de interese público.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, sendo o mesmo de tracto sucesivo e por prezo unitario, así como o feito de que a contía total non pode definirse con exactitude por estar supeditadas ás necesidades do servizo, se establecen os seguintes términos e condicións para a modificación:

11.1.- Aspectos a modificar.-

O importe do orzamento máximo a causa dun incremento das necesidades derivadas dos vehículos que compoñen a flota municipal, que provoque maiores necesidades tanto de subministro como de servizos asociados.

11.2.-Circunstancias que determinan a modificación.-

- Un deterioro do estado dos vehículos, que provoque que as necesidades derivadas da execución deste contrato sexan maiores do importe previsto para a anualidade en curso
- Un incremento dos vehículos que compoñen a flota municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 15 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



11.3.- Limites da modificación.-

As modificacións poderán afectar como máximo ao 20% do prezo do contrato de conformidade co artigo 204.1 LCSP.

11.4.- Especialidades da modificación.-

Non se prevén.

12.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

O Responsable do contrato será o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos da Área de Fomento.

13.- SEGURO

Deberase acreditar un seguro de responsabilidade civil (RC). Este seguro cubrirá calquera continxencia, incluída a que afecte aos vehículos municipais na súa estancia no taller do adxudicatario por un importe de 600.000 euros ano.

14.- LUGAR DE ENTREGA.

Todos os gastos de entrega e transporte serán a cargo do contratista. En canto ao subministro e servizos, serán efectuados nas instalacións propias do adxudicatario, e ocasionalmente segundo as necesidades do servizo, poderán ser realizados ocasionalmente nas instalacións do parque móbil do Concello de Vigo, agás os servizos e subministro que segundo o establecido no prego deban ser prestados no campo e segundo as necesidades e tempo requiridos.

15.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO.

A data prevista para o inicio do presente contrato estímase en data 1 de xuño de 2.024.

16.- PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES:

Para o expediente de contratación dos citados servizos, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas redactados polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos Juan Sánchez González e Jerónimo Centrón Castaños.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 16 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



17.-OUTROS DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-

O adxudicatario deberá nomear unha única persoa de contacto que será o interlocutor co Concello de Vigo.

18.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE.

Non procede fixar condicións especiais de compatibilidade por canto na redacción da documentación contractual non participou ningún terceiro alleo a esta Administración.

19.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non se prevé a cesión de datos nin de propiedade intelectual ou industrial no presente expediente.

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos remitir a presente memoria xustificativa ao Servizo de Contratación para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, a data da sinatura dixital

A Técnico de Xestión.- Ruth Gallego Santos.

O Enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos.- Juan Sánchez González.

O Enxeñeiro Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños

CONFORME.- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2024 08:21	Páxina 17 de 17
16269-445	CSV: A5A449-D44DEH-CA2F41-N6LVK9-H1BES7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		